



CONCELLO DE BEGONTE

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS CULTURAI, DEPORTIVAS E VECIÑAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

O Concello de Begonte, a través da presente convocatoria, tenta apoiar ás entidades e asociacións que traballan no eido cultural, deportivo e social, na realización de actividades, aos efectos de contribuír a que acaden os obxectivos para os que foron creadas e fomenta-la participación dos veciños e veciñas, contribuíndo deste xeito a impulsa-la democratización da sociedade.

Artigo 1º.- Finalidade e obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas, conforme ao procedemento que a continuación se establece.

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais e deportivas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e deportiva e á difusión e animación sociocultural que contribúa ao espallamento e promoción da cultura e o deporte.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será o exercicio económico do 2015.

Artigo 2º.- Beneficiarios.

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolvelas súas actividades no ámbito do concello de Begonte
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas obrigas tributarias co concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 3º.- Contía.

O Concello de Begonte destinará unha cantidade máxima de 15.000,00 euros con cargo á aplicación presupostaria 334.4801 do exercicio 2015, e dentro do crédito global destinado a “Produción de Bens Públicos de Carácter Preferente/Transferencias Correntes a Familias e Institucións sen fins de lucro”.

As entidades poderán solicitar só unha subvención como máximo. A subvención concedida poderá financiar ata o 100% do orzamento de gastos presentados, sen que en ningún caso supere os 1.000,00 euros, para as asociacións veciñais e culturais e 600 € para as deportivas.

No caso en que as solicitudes admitidas excedan o crédito dispoñible, este ratearase entre todas elas.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 4º.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

As asociacións rexistradas no Concello de Begonte, que desexen acollerse a esta convocatoria deberán presentar a correspondente solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará ao efecto, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, no prazo de corenta días (40) naturais seguintes á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, no caso de que o último día sexa domingo ou festivo ampliarase ata o seguinte hábil.

Á solicitude xuntarase a documentación que a continuación se relaciona:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- Memoria na que se detallen as actividades polas que se solicita a axuda así como un orzamento detallado de gastos e o importe da axuda solicitada.
- Certificado expedido polo/a Secretario/a da entidade no que conste a relación de persoas que compoñen a Xunta Directiva.
- Certificado expedido polo/a Secretario/a da entidade no que conste o número de socios.
- Certificado do nº de conta bancaria da asociación á que se ten que efectúa-la transferencia.



CONCELLO DE BEGONTE

- Declaración xurada de atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Facenda Estatal e ó concello de Begonte, e das obrigas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou concedidas doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
- Declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Calquera outra documentación que o solicitante considere de interese para a avaliación da devandita solicitude pola Comisión

O concello de Begonte xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local, así como de estar inscritas no rexistro municipal de asociacións.

Artigo 5º.- Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase ao solicitante para que, no prazo de **10 días hábiles**, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que de non o facer considerarase que desistiu da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de acordo co previsto nos artigos 42 e 92 da citada lei.

Artigo 6º.- Instrución e selección de solicitantes.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía, a proposta motivada da Comisión avaliadora.

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde- Presidente do Concello ou persoa en que delegue.
- Vogais:
 - Concelleiro/a de Educación, Cultura e Deportes, ou persoa en que delegue.
 - 1 Representante de cada Grupo Político da oposición na Corporación.
- Secretario: O da Corporación ou persoa en quen delegue.

A comisión valorará os expedientes consonte aos seguintes criterios:

- A orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade a desenvolver, ata 8 puntos.



CONCELLO DE BEGONTE

- A continuidade e estabilidade da actividade, ata 5 puntos.
- Interese sociocultural da actividade, ata 5 puntos.
- Número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade, ata 5 puntos.
- Maior número de socios, ata 5 puntos.
- A participación de persoas con minusvalía, ata 5 puntos.

Artigo 7º.- Resolución.

A comisión de valoración estudará e valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto, e o Alcalde ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e o importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

Artigo 8º.- Pagamentos e xustificación.

Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar o importe total concedido, antes do 15 de novembro de 2015, mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas
- No seu caso, un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada.
- Certificacións emitidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de ter iniciada a actividade.
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Declaración xurada expedida polo perceptor de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ao proxecto presentado.

Disposición Adicional Primeira.- As axudas para festas patronais quedan excluídas desta convocatoria, regulándose polo establecido nas bases de execución do orzamento de 2015.

Begonte, 28 de abril de 2015. O Alcalde.: José Ulla Rocha.